

ciais, así como a avaliación de cada unha das medidas levadas a cabo ao abeiro do Pacto de Estado na materia

- 9956 - 5187 (11/PRE-002302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre os datos referidos á concesión e denegación de obradoiros duais de emprego a concellos ou agrupacións de concellos da provincia de Lugo no ano 2020

- 9963 - 5427 (11/PRE-002305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas e os avais aboados ao abeiro da Orde do 24 de abril de 2020 para o adiamento do cobro das prestacións por desemprego aos traballadores acollidos aos expedientes de regulación temporal de emprego autorizados

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 10 de febreiro 2021 pola que se fai público o resultado do sorteo para a determinación da orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos de ingreso que se celebren durante o ano 2021 e que non teñan asignado letra nas bases de convocatorias previas.

En cumprimento do disposto na Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 1 de febreiro de 2021 e na normativa aplicable ao Parlamento de Galicia en materia de selección do seu persoal, o día 8 de febreiro de 2021, na Sala Azul do Parlamento de Galicia, e baixo a presidencia do letrado oficial maior, tivo lugar o sorteo a que alude a citada resolución.

Conforme o resultado do dito sorteo, a orde de actuación dos aspirantes nos procesos de selección para o ingreso no Parlamento de Galicia que deriven da oferta de emprego público que se celebren durante o ano 2021 e que non teñan asignada letra nas bases de convocatorias previas empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra P. Esta resolución publicarase na web e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 febreiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

